

Reporte Beporto - 90

-1-

MEU SENOR, DIGNAS AUTORIDADES E AMIGOS TODOS:

Hei de comenzar por pedirllles desculpas, amais de amosarllles a miña alegria. Alegria e desculpas polo mesmo feito: por ousar presentarme a vostedes ca alma aldeana sinxela e sinceira, para meditar en voz alta sobre do feito mais grande da historia do home.

Penso que é ben certo que os que aprendemo-la vida nas raigames da aldea, temo-la tentación de afoga-los sentimientos baixo a capa da ironia, da metafora, da palabra barbara ou do requiebro da palabra amable.

Eu hoxe, deixando que asulague á vos ó sentimento boutar falarllles coas verbas mais fermosas que a lingua me provea, coas verbas mais nostálxicas e mais cheas de agarimo, das vivencias infantis gozadas ó caron dun "belen" que visto dende hoxe, coido que non era mais ca representación na que, sen dubida, quixeron meus pais criarme, dun belen pequeno, pero coido que fermoso, de figuras de pau e barro, que só ten sentido hoxe mirandolle a cara a miña nai, vendo os hombreiros fundidos do meu pai, agarimando a fotografía dos meus avós xa mortos, en definitiva, disfrutando da lembranza e da nostalxia.

Por iso, hoxe, dexiandome levar do vento ferido, deixando que froreza a morriña direilles sen mais:

Cando arrecian os ventos xeados e nas ruas só quedan os homes sin teito; cando os campos se visten de branco e só as herbas de tallo leñoso fican esvaindo a paisaxe; cando a

arbore, que deu do seu ata as follas, dormita e só o marmurio do vento estremecellas polas espidas; cando todo se apaga e no ceo só algunhas estrelas asoman nos rotos das nubes; cando todo é tristura e nostalxia, os homes de ben acochan no infindo á esperanza.

Cando a terra non bulle de vida só a vida se fai de si mesma e entón coma o raio traspasa a negrura da morte.

Isto é o Belén: a esperanza en forma de frecha cravada no inverno dos homes.

Aló no recuncho no que quixo Deus que aprendera a beber da inquedanza dos tempos, tiven pronto a experiencia do Xesús meniño. E Boto de menos aquela sinxela maneira de estar ante o Nacemento. Boto moito de menos aquela ledicia que todos vivian cando o calendario apenas sostiña a ultima folla do ano. Boto de menos hoxe, aquel agarimo co que todos ian xuntandose a caron da casa petrucia para festexar a chegada do tenro miniño.

Voltar as raigañas de un pode se-la forma de fuxir de si ou pode se-lo xeito de afirmalo home que impreso de sempre no cerne, agachan costumes e feitos sociais que estan a facernos dende que nacemos.

Nadal do meu pobo. Ledicia de sentirnos xuntos os vellos e os nenos. Tempos que refugaban de si a maldade, a nostalxia, a tristura, o temor e a envexa. Eu non sei se

pensaban igual as persoas maiores coma nós os pequenos: mais eu lembro a expresión dos avós, dos meus pais, dos meus tios. Caras cheas de fresca tenrura. E lembro que cantaban sorrindo aquelas paxoxoliñas cheas de sensible alegria e de brancura tenra. Da sensibilidade e da tenrura propias dun pobo de paz. E cantabamos todos. Mesmo os carambelos espídos guindados das telas.

E se mo permiten quixera lembra-las imaxes que levo grabadas do belén aquel, do que ainda conservo anacos pequenos.

Os Beléns do meu tempo

Un portal-galpon de castiñeiro vello o que tecian hedras; unhas casas feitas de troncos de bidueiro vaciados polas mans do meu pai, zoqueiro en dias esvaidos e tempos de choiva, casiñas semellando as mellores casas da bisbarra. E así recordo o Chalet de Vistaalegre, o pazo de Fraian, a casa do Lameiro e a casa do Pradito, entre outras mais pequenas e sinxelas. Uns reises a cabalo que daquela pareciamne xigantes e hoxe vexos amais de mutilados, pequeníños, case que amanos. E un Herodes vixiante nun castelo, que era o Castelo de Andrade, unha vella torre pechada a cal e canto.

As montañas eran musgo e os ríos, serrín blanco. Todo o demais era por nós posto. Ali non cabían mais segredos. Pero lembro coa imaxinación do neno, que os camellos camiñaban, que corria o vento, que a auga do río cantaba bicando as rochas e penedos.

Belen de Begonte, quen poidera daquela contemplar-te. Cécais o gozo de asistir ó nacemento de Xesus-Neno fariase mais fondo, brincaria o animo co trono e o lóstrego, andaria a percura da amistade do traballador de serra ou do labrador, axudandolles no esforzo. Fariase mais doce o nacemento da illusión...Mais, sen ter a grandeza deste fermoso belen que hoxe nos ve, froito do amor e da moderna técnica, o meu belen sinxelo e primitivo, tiña encanto e un non sei que de merecente de recordo e de agarimo. E coido que salvando tódalas distancias, entre eles hai unha certa semellanza que sen dubida non é outra que a da autenticidade e a de tentar o reflexo dun Xesus nacendo no medio dun pobo, dunha cultura, dun xeito de vida, na que todo fala do cotian, da vida de cada quen, de cada dia.

Nunca fun moi amigo das lembranzas a data fixa. Son do parecer que o que merece ser lembrado é que vive sempre, independentemente de que alguén decrete que se abra a memoria colectiva. O Belen vive porque en si mesmo ten abondosa forza como para acadar consenso entre os homes de hoxendia e entre os homes que han de vir.

Nas restrebas do mundo onde onte este meniño prantou brancos anceios, nas terras palestinas, nos ricos areais das patrias de Mahoma, dominan hoxendia mestas tebras coas amenazas de morte e guerra. Doense nais, hirmans e pais de mortos novos. E a voz de Deus segue a falarnos: Xesus naceu.

Nas terras de labor que nós vivimos, na nosa España, tan belas e feraces bicadas polo mar e de solainas cheas, fica adurmiñada a semente de agarda-la primavera.

E nesta terra nosa, na Galicia, esnorecendo xa o sol dos tempos idos, coa luz do novo dia, o Belen ten que poñerla forza nas mans dos homes limpos. Sen xenreiras, sen cobizas, sen rencores: cada un con todos xuntos, ningúén fora.

Mais, voltando a aqueles belidos tempos do meu Belen, hoxe teño que dicir que non só morreron homes e mulleres que mo encarnaron. Foise con eles tamen quizais a sinxeleza e quedou un valeiro nas tardes dos decembros. Non direi mentira si digo que boto de menos aquel vivir sen teima a festa da esperanza que é o Nadal. Hoxe, estou a ver que para moitos as festas de Xesus nacente fixeronse festas da nostalxia e da lembranza dolorida; deixaron de ser festas da esperanza e do futuro.

Eu non sei que traslacion de ideais se produciu, pero parece que só tiveramos a NOITE BOA coma unha data para ficar pechados na dorida morriña das ausencias e para chorar ós mortos, ausentes sin retorno.

Contrastan con ista datas feitas para estar tristes por decreto, Santos e Difuntos, por exemplo, e que curiosamente na nosa sociedade vestironse de festa: moitas frores, reencontros na amistade, xuntanza de todos nos cimenterios;

pero desapareceu aquel misterio recollido que perfumaba o incenso das novenas de difuntos e aqueles "Dies illa", "miserere" e "De profundis" que sobrecollian alma e peito. Só algunas velliñas e viuvas novas mergulladas na negrura das penas e do seu loito, ca cabeza baixa limpando as tumbas dos seres queridos, nos recordan a data. Para inmensa maioria, nem bargantes esos dias de oficial tristeza trocaronse nun desfile de cores frorecidos baixo plastico.

funde noxe o Beben ferrente

Vede agora o panorama que nos ofrece o Nadal: Todos temos tendencia a voltar á nosa casa. Todos buscamos amparo no pasado. Lembramonos de cousas e de xentes, de feitos e de amores esvaídos; recollemonos na casa agachando no peito o que non queda. E todos se recollen: pechan case que por orden superior os bares, os cines e outros lugares de folgar, non hai festa e só a tristura de cada quen recorre os valeiros camiños. Outra cousa é o que pasa nos seguintes días: fin de ano e aninovo. Entón volta a brilla-la lus nos corpos e as ganas de vivir encheno todo, ainda que sexa só un xeito de vivir no sono.

Mais dunha vez lembrando aquelas gratas experiencias que vivin de neno, pregunteime cal seria a causa deste troque tan profundo no xeito de vivi-lo Nadal. E só unha resposta: Os homes de hoxendia perdemo-lo senso do nadal: esvaeuse a esperanza, e a fe non acada mais aló do color marelo. O individualismo conquistado a golpes de progreso e modernidade

encunchounos en nós mesmos. E se en nós mesmos non queda xa ese recuncho cultivado do infinito, non nos queda mais que anguria. E por iso o NADAL perde o sentido, xa non ten sentido para a sociedade un Xesus neno, exposto o frio, coas forzas limitadas pola hostil natureza, ainda que prometa racha-lo mal do mundo e abri-lo ceo ós homes. A sociedade só se fia do que manda con poder. Non son tempos de esperanza.

Por iso, si só hai un mundo de cousas que se acaban e si só somos o que temos, se as historias xa non serven de consolo, tentar que vivamos unha festa da intimidade e da esperanza individual coma é o nacemento do salvador é facernos mirar para dentro e se dentro non hai nada, esto só produce nostalxia, angustia, tristura.

Mais non parece sensato deixarse gañar pola morte sen mais e por iso quixera cantarlle de novo o Belen e que todos fixeran o mesmo; que todos cantaran coas letras sinxelas que de neno cantei, ou con letras que falen do home de hoxe firme na certeza de que Xesus que naceu cando arreciaban os ventos xeados na terra e nas ruas só quedaban os homes sen teito; cando os campos se vestian de branco xeado e de morte... cando a luz se apagaba e só quedaban algunas estrelas brillando nos rotos do ceo, cando todo finaba en tristura e nostalxia, imos cantar, digo, sabedores que Xeus ven nacendo na nosa intimidade coma esperanza en forma de punta de frecha cravada no inverno dos homes.